

**Resolución pola que se xustifica a necesidade de continuar co procedemento para a concesión das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014\_2020 (código de procedemento MR712A).**

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo), modificado polo Real decreto 465/2020 (BOE núm. 73, do 18 de marzo), establece no apartado primeiro da disposición adicional terceira que *“se suspenden termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público”*.

Non obstante, o apartado cuarto da mesma disposición adicional terceira, na redacción dada polo Real decreto 465/2020, establece que *“sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”*.

O 8 de abril de 2020 publicouse no DOG núm. 69-bis a Resolución do 3 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 3 de abril de 2020, de continuación de procedementos de adjudicación de contratos e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O citado acordo dispón que con carácter previo á adopción, por parte dos órganos competentes do sector público autonómico, da resolución motivada de continuación dos procedementos de concesión de subvencións respecto dos cales xa se tivesen aprobado e publicado as correspondentes bases reguladoras e convocatoria pero non se tivese ditado resolución de concesión no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020 antes citado, deberá someterse a proposta de continuación á valoración polo Consello da Xunta de Galicia, co fin de garantir unha coordinación sobre as actuacións que deban continuar, ben por referirse a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou ben por seren indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos, de acordo co número 4 da disposición adicional terceira citado real decreto.

Seguindo o anterior, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinte e catro de abril de dous mil vinte adoptou, entre outros, o Acordo sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

No que a este caso afecta, o Consello da Xunta considerou esenciais as actuacións en materia agroalimentaria e autorizou que o órgano competente para a concesión da subvención poida acordar a continuación do procedemento para a concesión das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014\_2020.



A Resolución do 18 de decembro de 2019, pola que se aproban as bases reguladoras para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do PDR de Galicia 2014\_2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020 (cód. de procedemento MR712A) publicouse no DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 2020.

Nos termos previstos no artigo 8 do anexo I da citada resolución, o prazo para presentar as solicitudes de axuda rematou o 6 de marzo de 2020, polo tanto, uns días antes de que entrara en vigor o estado de alarma declarado en virtude do Real decreto 463/2020 antes citado.

Así pois, cómpre que o órgano instrutor retome os actos necesarios para determinar, coñecer e comprobar os feitos en virtude dos cales deban ditarse as correspondentes resolucións de concesión, con base nas seguintes motivacións:

**I.** A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento. No marco destas funcións, correspóndelle a xestión das medidas e actuacións no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.

**II.** O artigo 20.1.c) do Regulamento (UE) núm. 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) prevé axudas para investimentos na creación, mellora ou ampliación de servizos básicos locais para a poboación rural, incluídas as infraestruturas correspondentes.

Neste contexto, a medida 7.4 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014\_2020 prevé o apoio a pequenas infraestruturas e/ou equipamentos a pequena escala co obxectivo de proporcionar á poboación rural uns servizos básicos que cubran as súas principais necesidades.

Neste marco, considérase estratéxico o investimento para rehabilitar e reformar os mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios e prazas de abastos, considerando que a actividade comercial que neles se desenvolve é vital para a dinamización económica e social dos territorios.

**III.** Neste contexto, o director xeral de Agader aprobou a Resolución do 19 de decembro de 2019, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014\_2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020.

**IV.** Así pois, convocadas as axudas e publicadas as normas para a súa xestión, logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes, cómpre continuar o procedemento durante a vixencia do estado de alarma, pola súa vinculación co interese xeral e co funcionamento de servizos básicos e, polo tanto, retomar o proceso de instrución, co fin de resolver a concesión das axudas.

Como xa se expuxo, a actividade comercial que se desenvolve nos mercados municipais é vital para a dinamización económica e social dos territorios, xa que en moitos dos casos actúan como elemento aglutinador do pequeno comercio que os arrodea. Os mercados son un importante eixo vertebrador da actividade comercial, cun papel clave na defensa da pequena e mediana empresa.



Por outro lado, e cunhas consecuencias económicas derivadas desta crise sanitaria aínda por determinar, cómpre, na medida do posible axilizar o procedemento de concesión das axudas, co fin de que os concellos beneficiarios inicien canto antes a contratación das obras subvencionadas, xa que a reactivación da obra pública vai ser determinante no proceso de recuperación económica.

Tendo en conta os antecedentes, os fundamentos legais expostos e que a competencia para resolver sobre este procedemento lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

## RESOLVO:

Continuar o procedemento para a concesión das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, convocadas mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019, pola que se aproban as bases reguladoras para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do PDR de Galicia 2014\_2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020 (cód. de procedemento MR712A).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Un recurso potestativo de reposición perante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). Non se poderá interpoñer este recurso ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 123 da LPAC).

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas, en cumprimento dos artigos 40 e seguintes da LPAC, e do apartado cuarto do Acordo do Consello da Xunta, do 24 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Publíquese esta resolución na páxina web da Agader.

Santiago de Compostela,  
O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)  
Miguel Ángel Pérez Dubois

